

Os escritores premian a Fernández Paz e a Eva Veiga

Carlos Negro, Ramón Nicolás, Darío Xohán Cabana ou Montse Dopico tamén foron galardoados

 11 / 5 / 2015 /  Santiago. Redacción

Compartir:

A viaxe de Gagarin*, de Agustín Fernández Paz, foi escolleita como mellor obra de narrativa do ano polos membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Canda a este traballo, os autores tamén recoñeceron a Eva Veiga como autora da mellor obra poética por *A distancia do tambor*, mentres Roberto Vidal Bolaño recibiu in memoriam o galardón en teatro pola edición do cuarto volume das súas *Obras completas* e Helena Miguélez-Carballeira se impuña na categoría de ensaio por *Galiza, um povo

sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego.

Canda a eles, Darío Xohan Cabana viu recoñecido o seu traballo como tradutor de *A Divina Comedia* de Dante Alighieri, mentres Carlos Negro se facía co premio de literatura infantil e xuvenil por *Penúltimas tendencias*, Montse Dopico levaba o galardón de xornalismo cultural e Ramón Nicolás o do blog literario.

Fernández Paz e Xohán Cabana son os únicos nomes que se repiten nesta listaxe a respecto dos premios literarios que outorgaron recentemente as asociacións de editores e de libbreiros.

Obras gañadoras dos Premios AELG 2015

Blog literario

Caderno da crítica, de Ramón Nicolás

[<https://cadernodacritica.wordpress.com/>]

Ensaio

Galiza, um povo sentimental? Género, política e cultura no imaginário nacional galego, de Helena Miguélez-Carballeira (Através Editora)

Literatura Infanto-Xuvenil

Penúltimas tendencias, de Carlos Negro (Edicións Xerais de Galicia)

Xornalismo Cultural

Montse Dopico

Narrativa

A viaxe de Gagarin, de Agustín Fernández Paz (Edicións Xerais de Galicia)

Poesía

A distancia do tambor, de Eva Veiga (Espiral Maior)

Teatro

Obras completas. Volume IV, de Roberto Vidal Bolaño (Edicións Positivas)

Tradución

A Divina Comedia, de Dante Alighieri, en tradución de Darío Xohán Cabana (Edicións da Curuxa)